

GALERÍA DE ARTE

Como nun soño

ONTE soñei atoparme, extramuros dun posible máis alá. Non estaba soa, acompañábanme grupos de persoas humildes: unha nai coas súas tres gracias núas, anciás, unha parella de amantes, nenos, un anano, unha parella de frautistas. Repentinamente como dun tímpano cobrou vida unha especie de figura xusticeira, á que o seu colaborador, un dantesco xenio, pasou o número máxico do que lle tocaría se-lo novo inquilino da nova morada intramuros. Mentres, os menos, tomaban con eterna filosofía a espera; os máis permanecían inquedados, desconcertados, expectantes. Algo me espertou ¡Que Pórtico da Gloria tan extraño vira! Non o soñara, era real e correspondía a un cadro 'Trasmundo' do gran pintor Laxeiro, que expón por estas datas no CGAC, nel como noutros lenzos comprobamos cómo o noso artista lalinense se deixa seducir polo labor dos canteiros medievais que ornamentaran a arquitectura: tímpanos, capiteis, xambas... con figuras rudas, esquemáticas, expresivas, desenvoltas por unha tea empapada en cores marróns, terrosas, sobrias. Con este exemplo amósasenos un Laxeiro conservador do xenuíno, do propio ante todo e sobre todo. Pero a súa arte non por iso vai quedar estancada nesta conservación. A súa pintura galega vai dar probas dunha modernidade á última, pero iso si, pasada sempre pola esencia dunha tradición buscada.

Na súa longa peregrinación artística de tódolos estilos artísticos cultivados o expresionismo ocupa un lugar preferente. A década dos cincuenta faille descompoñe-la figura progresivamente achegándoa ó expresionismo abstracto norteamericano na liña por exemplo, dun De Koning. A pintura faise entón pastosa, matérica, unha boa mostra é o cadro 'Resplandor atómico', no que os trazos negros en contraposición con focos de luz nos remiten ós tempos tenebrosos, ós ecos afastados dun Rembrandt polo que sente o pintor grande admiración. Non é só a penumbra barroca a que o excita, as pinturas negras de Goya sedúceno de tal xeito que sen elas cadros como 'Muera el buitre carnívoro' non existirían como tales. O gran Picasso cubista, organicista e da súa etapa ósea igualmente vai ter eco no noso pintor, unha mostra diso son os lenzos 'El mundo', 'Homenaje a Lala'. Avanzando o tempo, os anos deixan nos seus cadros cor, unha cor pura, un pulular de signos en consonancia cos mironianos e unha alegría de vivir tipicamente Matissiana. Laxeiro como o Adrián Solovio de Otero Pedrayo, saíu 'arredor de si' buscando a afirmación da súa personalidade. Tivo a oportunidade de compartir vagón con grandes mestres. Ese periplo serviulle para encontrarse consigo mesmo, descubrir que o mellor de percorre-lo mundo está en volver á terra. É así como a universalidade de Laxeiro empeza tamén na galeguidade.

Fátima Otero